



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 160
9 de agosto de 2017



SUMARIO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2017 polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia do Parlamento de Galicia [42855](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se convoca concurso para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións e polo que se aproban as súas bases reguladoras [42859](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 1 de agosto de 2017, polo que se convocan probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección [42869](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 1 de agosto de 2017 polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia do Parlamento de Galicia

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 1 de agosto de 2017, acordou a aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia do Parlamento de Galicia, conforme as seguintes bases:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo de xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia da relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 151, do 24 de xullo de 2017).

As características dos postos son as seguintes:

1. Grupo de titulación: B ou C.
2. Nivel de complemento de destino: 25.
3. Complemento específico: 25.638,20 €.
4. Centro directivo: Presidencia.

Segunda. Poderá concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia dos corpos de xestión ou administrativo do Parlamento de Galicia, pertencentes aos grupos B ou C.

Terceira. O persoal funcionario do Parlamento de Galicia interesado poderá presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, nº 63, en Santiago de Compostela, no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Nelas deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar. Para facilitar a súa participación invítase a formalizar a petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo 1.

Os/As aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos alegados.

Cuarta. A resolución desta convocatoria farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e poderá declararse que non procede a cobertura dos postos de traballo, ou dalgún deles, se se considera oportuno.

Quinta. O prazo de toma de posesión das persoas seleccionadas será de tres días hábiles, ou dun mes se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do seu cesamento, se for o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde a data seguinte á da publicación daquela.

Sexta. Contra o acordo polo que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. De non formular recurso de reposición ou contra a súa resolución expresa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte desta publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* ou da notificación expresa que resolva a vía administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO I

Modelo de solicitude

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>	<i>Segundo apelido</i>	<i>Nome</i>
<i>DNI</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Teléfono</i>
<i>Domicilio, rúa e nº</i>	<i>Provincia</i>	<i>Localidade</i>
<i>Corpo ou escala</i>	<i>Grupo</i>	<i>Nº R.P.</i>
<i>Destino actual</i>		<i>Grao consolidado</i>
<i>Administración pública</i>	<i>Dependencia</i>	<i>Localidade</i>

SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, anunciada por acordo de Mesa do 1 de agosto de 2017, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel complemento destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade
Xefe/a técnico/a de apoio á Presidencia	25	Presidencia	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual			
Noutros corpos			
No actual posto de traballo			
Outros destinos anteriores			
.....			
.....			

Títulos académicos:	
Coñecemento da lingua galega	
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:	
Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:	

(Lugar, data e sinatura)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de agosto de 2017, polo que se convoca concurso para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións e polo que se aproban as súas bases reguladoras

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de 2017, entre as que se inclúe a creación de tres postos de traballo de técnicos do grupo A nos Servizo de Persoal e Réxime Interior, de Asistencia Parlamentaria e de Publicacións, cómpre proceder á convocatoria destes postos vacantes mediante concurso de méritos, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal.

O artigo 28 do Estatuto de persoal establece que o sistema ordinario de provisión de postos de traballo será o concurso, que, de ser o caso, terá carácter anual, e no que serán tidos en conta os méritos exixidos na correspondente convocatoria, entre os que constarán o grao persoal, a antigüidade, o traballo desenvolvido en anteriores postos e a formación relativa ao contido dos postos que se van cubrir, como mínimo.

As necesidades de regularizar e dar carácter definitivo á situación de adscrición provisional de postos, por persoal funcionario da Administración do Parlamento que cese nun posto de traballo e que quede ao dispor da Presidencia da Cámara, obriga este persoal a concorrer aos concursos que no seu día se convoquen para prover prazas creadas de conformidade co disposto no artigo 30 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e na disposición adicional cuarta do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento de Galicia, existindo na relación de postos de traballo vacantes dotadas orzamentariamente e cuxa provisión se considera necesaria, resolve convocar concurso de méritos para a provisión dos postos que se especifican no anexo I e aprobar as seguintes bases polas que se rexerá.

BASES

Primeira. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.1. Requisitos xerais

Para participar neste concurso, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer como funcionario/a de carreira ao corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A).
- b) Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

1.2. Están obrigados a participar neste concurso:

Os/as funcionarios/as do corpo superior do Parlamento de Galicia que se atopen nun posto de traballo en situación de adscrición provisional á disposición do presidente da Cámara.

O incumprimento da obriga de participar no termos establecido na alínea anterior determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e co artigo 171.4 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

1.3. Concorrencia

Os requisitos establecidos no punto 1.1 deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

Segunda. POSTOS OFERTADOS

2.1. As persoas interesadas poderán solicitar por orde de preferencia os postos relacionados no anexo 1, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

2.2. As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán posuír os requisitos da base primeira e mais os exixidos para desempeñar a vacante á cal pretenden acceder.

Terceira. SOLICITUDES

3.1. Forma

Quen desexe tomar parte neste concurso deberá formular a súa solicitude segundo o modelo do anexo 2, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa dos méritos alegados para o dito concurso.
- b) Declaración de atoparse separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, e de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo 3).

3.2. Destinatario, prazo e lugar de presentación

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, en Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Relación de admitidos/as e excluídos/as

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na cal se declarará aprobada a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación dos apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou a desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Transcorrido este prazo, a Presidencia ditará a resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade que a provisional.

Quinta. COMISIÓN DE VALORACIÓN

5.1. Composición

A comisión de valoración será designada pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia e non poderá estar composta maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exigida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ao disposto na normativa para a igualdade de mulleres e homes.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse, ou poderán ser recusados por calquera interesado/a, e particularmente polos/as aspirantes, cando concorra algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá este posto e a Presidencia designará un novo suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal redactarase unha acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e co visto e prace do presidente ou presidenta.

5.4. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o concurso un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados/as que o contraveña.

Sexta. VALORACIÓN DE MÉRITOS

6.1 A valoración dos méritos para a adxudicación dos postos de traballo efectuarase conforme o seguinte baremo:

6a) Antigüidade, ata un máximo de 6 puntos:

1. Por servizos prestados como funcionario/a de carreira do Parlamento de Galicia no mesmo grupo da praza á que opta: 0,05 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos/as e familiares. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de dúas milésimas menos por cada grupo no que prestara servizos.

2. Por servizos prestados como funcionario/a de carreira doutras administracións públicas no mesmo grupo da praza: 0,04 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos/as e familiares. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de dúas milésimas menos por cada grupo no que prestara servizos.

6b) Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos, en materias relacionadas co postos ao que se opta, ata un máximo de 3 puntos: 0,010 puntos/mes.

6c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 4 puntos, do seguinte xeito:

– Nivel 20: 2 puntos.

– Por cada unidade máis: 0,20

6d) Formación, ata un máximo de 2,5 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos valoraranse os cursos realizados sobre procedemento administrativo, arquivo, atención ao cidadán, seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, idiomas oficiais da Unión Europea e calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

– Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,30 puntos por curso. – Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,50 puntos por curso. – Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os cursos inferiores a 12 horas lectivas nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

6e) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

– Licenza de maternidade: 0,20 puntos/licenza.

– Permiso de paternidade: 0,20 puntos/permiso.

– Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,20 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

– Excedencia para coidado de fillos/as e familiares: 0,04 puntos/mes.

6f) Tempo de permanencia nun posto de adscrición provisional á disposición do presidente do Parlamento de Galicia: 0,06 puntos/mes, ata un máximo de 5. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia por coidado de fillos/as e familiares.

6.2. A experiencia alegada nos puntos anteriores deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

6.3. As puntuacións obtidas no concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Os/As aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para efectuaren ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

6.4. Os méritos a que se refiren os puntos anteriores deberán manifestarse na solicitude e acreditarse coa seguinte documentación:

a) No caso de servizos prestados no Parlamento de Galicia e do tempo de permanencia nun posto de adscrición provisional, mediante certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

b) No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. No suposto de que tales servizos xa consten na Administración parlamentaria, poderán acreditarse coa certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

Os méritos a que se refire o punto 6b) deberán manifestarse e acreditarse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa correspondente.

Os méritos a que se refiren os puntos 6e) e 6f) deberán manifestarse na solicitude e acreditaranse mediante certificación expedida pola unidade administrativa competente en materia de recursos humanos do Parlamento de Galicia.

Toda a documentación presentada deberá ser en orixinal ou copia compulsada.

Sétima. LISTA DO RESULTADO DA VALORACIÓN DE MÉRITOS

O tribunal sumará os resultados obtidos por cada aspirante no concurso, o que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento proposta en favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous/dúas ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do/a aspirante que obtivese a puntuación máis alta do apartado 6b. De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida no apartado 6a.

Oitava. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

8.1. O/A aspirante que superase o proceso de concurso deberá presentar a documentación ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia.

8.2. Se dentro do prazo fixado, e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación ou do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá tomar posesión e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra por falsidade na solicitude inicial.

Novena. NOMEAMENTO

Unha vez presentados os documentos aos que fai referencia a base anterior, logo de transcorrer o prazo de presentación daqueles, a Presidencia procederá ao nomeamento

do/a aspirante que superase o proceso de provisión para a titularidade do posto respectivo, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*. Deberá prestar xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do posto de traballo e cumprir e facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia, e tomar posesión do seu posto dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

Décimo primeira. CLÁUSULA DERRADEIRA

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os actos administrativos que deriven desta convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO 1
Postos ofertados

SERVIZO DE ASISTENCIA PARLAMENTARIA												
Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Obs.
AP 103	Técnico/a superior de asistencia parlamentaria	C	25	18.221,51	A	Superior	—	APG	F	V		(1)

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS												
Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Obs.
AP 105	Técnico/a de publicacións	C	25	18.221,51	A	Superior	Técnica de publicacións	APG	F	V		(1)

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR												
Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón.	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión	Obs.
AP 106	Técnico/a superior de réxime interior	C	25	18.221,51	A	Superior	—	APG	F	V		(1)

ANEXO 2

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO

Selo do Rexistro

CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA

Datos persoais:

1º APELIDO		2º APELIDO	
NOME		DNI	
ENDEREZO(rúa, praza, número)		LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	
CORREO ELECTRÓNICO: (o/a aspirante acepta recibir as comunicacións a través deste medio):			

DISCAPACIDADE (%):

ADAPTACIÓN:

Antigüidade:

DENOMINACIÓN POSTO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	GRUPO	NIVEL	DESDE	ATA

Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos:

DENOMINACIÓN POSTO	Unidade administrativa	GRUPO	NIVEL	DESDE	ATA
TIPO DE LICENZA, PERMISO, REDUCCIÓN OU EXCEDENCIA				DESDE	ATA

Tempo de permanencia nun posto de adscrición provisional á disposición da Presidencia:

Data do cesamento

Orde de preferencia dos postos relacionados no anexo 1:

DENOMINACIÓN	
1º	
2º	
3º	

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo ao que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións exixidas para o ingreso no corpo superior do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Santiago de Compostela, dede 2017

(Sinatura)

Sr. presidente do Parlamento

ANEXO 3

DECLARACIÓN XURADA OU PROMESA

D./D^a, con domicilio en, e documento nacional de identidade número.....

Declara baixo xuramento ou promete, para os efectos de participar no concurso para a provisión do corpo superior do Parlamento de Galicia, que non foi separado do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declara ser certos todos os datos achegados respecto deste proceso.

.....,dede 2017

Sinatura

Acordo da Mesa do Parlamento, do 1 de agosto de 2017, polo que se convocan probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e polo que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017, adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, e acordadas na Mesa de Negociación, entre as que se inclúe proceder á convocatoria dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, mediante promoción interna, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou as seguintes bases que rexerán as probas selectivas para a provisión da devandita praza.

BASES

1. NORMAS XERAIS

1.1. Características da praza

Convócase proceso selectivo para cubrir, mediante promoción interna, unha praza do corpo administrativo, grupo C, incluída na relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia.

A praza está dotada coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos do Parlamento de Galicia para o ano 2017 (co incremento do 1 %).

A este proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e o disposto nesta convocatoria.

1.2. Procedemento de selección

Ao abeiro do establecido no artigo 35 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o sistema de selección será, mediante promoción interna, o de concurso-oposición.

1.3. Incompatibilidades

O posto de traballo está sometido ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

2.1. Xerais

Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Pertencer como funcionario de carreira ao corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) e ter unha antigüidade nese corpo de, polo menos, dous anos.

b) Non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión, ou en condicións de o obter, do título de bacharelato (LOE), bacharelato (LOXSE), bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou equivalente, ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír o documento acreditativo da súa homologación.

d) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

e) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2.2. Concorrencia

Os requisitos establecidos no apartado anterior deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes, e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

3. SOLICITUDES

3.1. Forma

Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá formular a súa solicitude no modelo do anexo 1, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

a) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións ás que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

b) Declaración de non estar separado a través de expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, e de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo 3).

c) Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do curso de Celga 4 ou perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no segundo exercicio.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso.

3.2. Destinatario, prazo e lugar de presentación

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, en Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.3. Dereitos de exame

O seu importe, de 30,87 euros, acreditarase xuntando á solicitude para participar nas probas selectivas o xustificante do ingreso mediante transferencia bancaria na conta corrente ABANCA ES502080-0388-21-3110000502, e indicarse nela o concepto «Taxas selección CAP», o nome e o DNI do aspirante.

Aos aspirantes excluídos devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estarán exentos do pagamento da taxa dos dereitos de exame os que estean incurso nalguna das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.4. Os aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

4.1. Relación de admitidos e excluídos

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na que declarará aprobada a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación de apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Os aspirantes excluídos dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos e excluídos.

Transcorrido o dito prazo, a Presidencia ditará a resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade que a provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o interesado decaerá en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

A dita resolución definitiva determinará o lugar, a data e a hora do comezo do primeiro exercicio.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. Composición

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara, de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia, e non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ao disposto na normativa de igualdade.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario. Estes asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse, ou poderán ser recusados por calquera interesado, e particularmente polos aspirantes, cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizaron tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala ao que corresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación desta convocatoria, caso en que llo deberán comunicar á Presidencia do Parlamento. Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto, e a Presidencia designará un novo suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal unha declaración expresa de non estaren incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas previstas nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

5.4. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados que o contraveña.

6. PROCESO DE SELECCIÓN

6.1. Fase de oposición

Os programas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo 2 ás presentes bases.

6.1.1. Exercicios. Constará de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

a) Primeiro exercicio. Constará de dúas probas:

— Primeira proba: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta preguntas tipo test sobre o contido do temario (agás os temas 23, 24 e 25), con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta. No test poderanse poñer ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente.

Por cada resposta incorrecta non se descontará ningunha resposta correcta.

O tempo máximo de duración desta proba será de sesenta minutos.

— Segunda proba: consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o que será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se

refiren os temas 23, 24 e 25. Polo tanto, esta segunda proba deberá realizarse nun ordenador que se lle facilitará a cada opositor.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas. O tribunal poderá determinar a realización das dúas probas na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispoñer a realización dunha pequena pausa entre unha e outra proba.

Cada proba cualificarase de 0 a 15 puntos. A cualificación total do exercicio será o resultado da suma das puntuacións da primeira e da segunda proba. Para poder superar este primeiro exercicio e poder realizar o segundo, será necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

b) Segundo exercicio, de carácter obrigatorio. Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán para o galego e outra do galego para o castelán, durante o prazo máximo dunha (1) hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto e para superalo cumprirá obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso Celga 4 ou perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no segundo exercicio.

6.1.2. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a puntuación da fase de oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es). Concederase a partir de entón un prazo de dez días para que os aspirantes efectúen ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas.

6.1.3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do documento nacional de identificación ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

6.1.4. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, a dos membros do tribunal e os colaboradores designados por este.

6.1.5. Os aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

6.2. Fase de concurso

A fase de concurso consistirá na valoración, aos aspirantes que superen a fase de oposición, dos seguintes méritos:

a) Antigüidade, ata un máximo de 6 puntos:

1. Por servizos prestados como funcionario de carreira no extinto grupo E ou no actual grupo D, do Parlamento de Galicia: 0,019 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e familiares.

2. Por servizos prestados como funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o número anterior: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia por coidado de fillos e familiares.

b) Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos, en materias relacionadas co postos ao que se opta, ata un máximo de 3 puntos: 0,010 puntos/mes.

c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

— Nivel 13: 3 puntos

— Nivel 14: 3,5 puntos

— Nivel 17: 4 puntos

d) Formación, ata un máximo de 2,5 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos valoraranse os cursos realizados sobre procedemento administrativo, arquivo, atención ao cidadán, seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, idiomas oficiais da Unión Europea, e calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

— Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

d) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

— Licenza de maternidade: 0,20 puntos/licenza

— Permiso de paternidade: 0,20 puntos/permiso

— Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,20 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

— Excedencia para coidado de fillos e familiares: 0,04 puntos/mes.

6.2.1. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá superar os 12 puntos, sumados todos os méritos a que se refire a base 6.2.

6.2.2. A experiencia alegada nos puntos anteriores deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

6.2.3. As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia, con posterioridade á terminación do prazo para presentar alegacións ás puntuacións da fase de oposición da base 6.1.2.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para efectuar ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

6.2.4. Os méritos aos que se refiren os puntos 6.2.a deberán manifestarse na solicitude e acreditarse coa seguinte documentación, segundo o modelo do anexo 4:

a) No caso de servizos prestados no Parlamento de Galicia, mediante certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

b) No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. No suposto de que tales servizos xa consten na Administración parlamentaria poderán acreditarse coa certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

Xunto co certificado achegarase documentación acreditativa, debidamente compulsada, dos méritos nel reflectidos, entre a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino, contratado administrativo ou contratado laboral.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido nestes puntos, ou que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

6.2.5 Os méritos a que se refire o punto 6.2.b) deberán manifestarse na solicitude e acreditarse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa correspondente.

6.2.6. Os méritos a que se refire o punto 6.2.c) e d) deberán manifestarse na solicitude e acreditarse mediante certificación expedida pola unidade administrativa competente en materia de recursos humanos do Parlamento de Galicia.

7. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS

7.1. Os exercicios distribuiranse en galego. Non obstante, tamén se lles distribuirán en castelán aos aspirantes que así o soliciten.

7.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

7.3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá acordar a súa exclusión, se procede.

7.4. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

7.5. A publicación do anuncio de realización do segundo exercicio será efectuada polo tribunal na páxina web do Parlamento de Galicia, con corenta e oito horas, polo menos, de antelación á sinalada para a súa iniciación.

8. LISTA DE APROBADOS

Rematadas as probas, o tribunal sumará os resultados obtidos por cada aspirante nas fases de concurso e oposición, o que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento proposta en favor do aspirante que obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta na primeira proba do primeiro exercicio. De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante do sorteo , I (i latino), de conformidade coa resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 21 de xullo de 2017.

9. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

9.1. O aspirante que supere o proceso selectivo deberá presentar, ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, e para o caso de que non conste na Administración parlamentaria, a fotocopia compulsada do título exixido na base 2.1.c) ou certificación académica, co xustificante do aboamento dos dereitos de expedición do título.

9.2. Se dentro do prazo fixado e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación, ou do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá ser promocionado e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

9. NOMEAMENTO

Unha vez presentados os documentos aos que fai referencia a base anterior, logo de transcorrer o prazo de presentación daqueles, a Presidenta procederá ao nomeamento do aspirante que superase o proceso selectivo como persoal funcionario do Corpo Administrativo do Parlamento de Galicia, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*. Deberá prestar xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do posto de traballo e cumprir e facer cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia e tomar posesión do seu posto dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

11. CLÁUSULA DERRADEIRA

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os actos administrativos que deriven desta convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO 1

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO

Selo do Rexistro

CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Datos persoais:

1º APELIDO		2º APELIDO	
NOME		DNI	
ENDEREZO (rúa, praza, número)		LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	
CORREO ELECTRÓNICO: (o/a aspirante acepta recibir as comunicacións a través deste medio):			

DISCAPACIDADE (%):

ADAPTACIÓN:

Antigüidade e traballo desenvolvido:

DENOMINACIÓN POSTO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ unidade administrativa	GRUPO	NIVEL	DESDE	ATA

Formación:

DENOMINACIÓN	HORAS	CENTRO DE EXPEDICIÓN

Exercicio de dereitos de conciliación:

TIPO DE LICENZA, PERMISO, REDUCCIÓN OU EXCEDENCIA	DESDE	ATA

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo ao que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso no corpo administrativo do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Santiago de Compostela, dede 2017

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO 2

TEMARIO

1. O Regulamento do Parlamento de Galicia: natureza e estrutura.
2. Os órganos parlamentarios: a Presidencia, a Mesa, as comisións, as ponencias, o Pleno, a Deputación Permanente e a Xunta de Portavoces. Os grupos parlamentarios. A xestión administrativa da súa actividade.
3. O funcionamento do Parlamento: a orde do día, as sesións e os debates.
4. O procedemento lexislativo ordinario. Os proxectos e as proposicións de lei. A súa tramitación administrativa.
5. Os procedementos lexislativos especiais. A súa tramitación administrativa.
6. Os diversos procedementos parlamentarios: a investidura, a moción de censura e a cuestión de confianza.
7. As interpelacións e as preguntas. As proposicións non de lei e as mocións. A súa xestión administrativa.
8. Os debates xerais, as comparecencias e as sesións informativas.
9. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos lei e decretos lexislativos.
10. O regulamento: clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria.
11. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo. Suceso, obxecto, causa, fin e forma. Eficacia. Executividade e suspensión. Nulidade e anulabilidade. Revogación e revisión de oficio.
12. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.
13. Iniciación, ordenación, instrución e finalización do procedemento administrativo.
14. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materias impugnables, lexitimación e órganos competentes. Recurso de alzada, de reposición e de revisión.
15. A contratación administrativa na Administración Parlamentaria. Elementos e clases dos contratos. Formas de adxudicación.
16. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
17. Autonomía administrativa do Parlamento. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.
18. O persoal ao servizo da Administración parlamentaria. Clases de persoal. Os sistemas de acceso e provisión. Dereitos e deberes. O réxime disciplinario.
19. As situacións administrativas e o réxime de incompatibilidades do persoal da Administración parlamentaria. Extinción da relación funcional.
20. A normativa autonómica do traballo en igualdade en Galicia.
21. O sistema retributivo do persoal da Administración parlamentaria. Nóminas: estrutura e normas de confección. Altas e baixas.
22. O procedemento financeiro da execución do orzamento de gasto. Órganos competentes. Fases do procedemento.
23. Utilización das ferramentas ofimáticas Word e Excell.
24. Utilización da ferramenta ofimática Outlook.
25. Utilización da ferramenta ofimática Adobe.

ANEXO 3

DECLARACIÓN XURADA OU PROMESA

D./D^a, con documento nacional de identidade número.....

Declara baixo xuramento / promete, para os efectos de participar no proceso selectivo dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declara que non padece enfermidade ou discapacidade que lle impida o desempeño das correspondentes funcións do posto, e que son certos todos os datos achegados respecto deste proceso selectivo.

.....,dede 2017

Sinatura

ANEXO 4

**CERTIFICACIÓN DE MÉRITOS QUE SE FAN CONSTAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA
PRAZA DO CORPO ADMINISTRATIVO**

D./D^a....., titular do posto.....

Certifico:

Que,segundo os antecedentes que constan nesta* e á vista da documentación achegada:

D./D^a....., participante no proceso selectivo para a cobertura dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, ten acreditados os seguintes datos:

Experiencia profesional:

Servizos prestados no Parlamento de Galicia:

Denominación do posto:

Grupo:

Tempo:meses [base 6.2.a).1.]

Servizos prestados na administración pública de :

Denominación do posto:

Grupo:

Tempo:meses [base 6.2.a).2.]

E para que conste, para os efectos da participación da persoa interesada no concurso-oposición do persoal funcionario para a cobertura dunha praza do corpo administrativo dentro da relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o día, asino esta certificación en, o día de de 2017.

Sinatura

(* Denominación da Administración pública de que se trata)

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727